

O xoves 21 de maio celebrouse en Lugo a final fase galega da Olimpíada Matemática de 2º da ESO. Ás 12h os 40 finalistas, sen ningunha baixa, presentáronse no Círculo das Artes para realizar a proba consistente en 5 problemas de diferentes áreas do coñecemento matemática a resolver en 2 horas.

Despois dun xantar de confraternidade, celebramos a proba por equipos na Praza Maior mentres o xurado deliberaba a composición do cadro de honra.



No Pazo de San Marcos tivo lugar a cerimonia de Clausura onde se repartiron agasallos e se proclamaron os representantes galegos na final española a celebrar tamén en Lugo os días 24, 25, 26 e 27 de xuño:

1º premio: Daniella Gómez Perianes - CPR Nuestra Señora de los Remedios (Santiago)

2º premio: Gabriel Morales Herrera - IES As Barxas (Moaña)

3º premio: Nerea Domínguez Pendolero - IES Breamo (Pontedeume)

4º premio: Inés García Rodríguez - Salesianos María Auxiliadora (Ourense)



Ademais destacamos a resolución do segundo problema de José Antonio Rodríguez Rial do IES Rosalía de Castro de Santiago que levou o premio á Beleza Matemática.

Destacamos este ano o gran ambiente e boa relación entre participantes e acompañantes e felicitamos a toda a rapazada amante das matemáticas por superarse día a día nunha materia tan esixente.

